

## Sala Aberta



**XORNADA**  
**escol@tic.2014**  
Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia  
21 e 22 de marzo // Santiago de Compostela



**As redes sociais: Posibilidades Educativas** – Moderada por David Álvarez Jiménez  
**A incorporación dos dispositivos móbiles na aula** – Moderada por Marcos Gómez Villaverde  
**O papel do coordinador TIC: Posibilidades, problemáticas e solucións** – Moderado por Pablo Nimo Liboreiro  
**Metodoloxía de traballo na aula usando TIC** – Moderado por Pablo Nimo Liboreiro

### **Ideas** repetidas que xurdiron nas salas abertas:

- Os estadios de “Visitantes” e “Residentes” nas redes sociais non son estancos senón que van evolucionando e incluso involucionando duns noutros.
- Hai un temor xeralizado sobre a adicción á tecnoloxía dos nosos alumnos.
- Os participantes da aula aberta de redes sociais continuaremos en contacto en twitter co hastag [#escolaticrs](#)
- O problema das prohibicións moi debatido na aula aberta sobre dispositivos móbiles
- Mudar a prohibición de usos do móbil nun centro a unha utilización responsable.
- O problema da capacidade da rede e medos ante unha conexión masiva de dispositivos móbiles nun centro.
- O libro ten que experimentar un cambio pero non podemos prescindir deles.
- Medo dos docentes á privacidade dos alumnos (e incluso á súa propia privacidade).
- É fundamental que o centro conte cun “Plan Tic” (“Plan” que hai que levar á práctica, avalialo e tomar decisións).

- Os dispositivos móbiles deben evolucionar: da consideración de válvula de escape a estar plenamente integradas na aula.
- A figura do coordinador Tic e coordinador Abalar seguen sen estar recoñecidas.
- É precisa unha mellora da Unidade de atención a centros (UAC) para atender con eficacia ás demandas técnicas.
- A importancia do equipo para poder coordinar as Tic de xeito eficiente.
- "Os innovadores somos minoría nos centros". Hai que cambiar a tendencia.
- "A dinámica está na aula". A clave é a permeabilidade e a paciencia.
- A formación en Tics precisa unha redefinición. Máis experiencias de aula e casos concretos de éxito.